

A construcción do Estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as familias políticas da época)

Tema 4 (Bloque 2. Política – Século XIX)

2º Bach. - IES Mendiño - 2024/2025

Prof. Xael Díaz Alonso



Contexto: liberalismo vs absolutismo


Contexto: liberalismo vs absolutismo

- Entre 1808 e 1833 España viviu un proceso histórico caracterizado polo **enfrentamento** entre dous modelos: **absolutismo e liberalismo**.
- A ***Primeira Guerra Carlista*** (1833-1839) propiciou que o liberalismo fora garante de que Isabel puidera acceder ao trono español.




Contexto: liberalismo vs absolutismo

- O **carlismo** defende o dereito ao trono de España de Carlos María Isidro de Borbón, irmán de Fernando VII e os seus descendentes.
- **Partidarios do absolutismo:** contrarios ao liberalismo, partidarios da monarquía absoluta, a relixión católica, privilezios de nobres e Igrexa e fueros e leis tradicionais.



Contexto: liberalismo vs absolutismo

- O lema “***Dios, Patria, Rey y fueros***” será defendido, sobre todo, no norte de España por grupos da pequena nobreza rural, o clero e o pequeno e mediano campesiñado.
- Destacaron sobre todo militares como Tomás de Zumalacárregui ou Ramón Cabrera.



Contexto: liberalismo vs absolutismo





Principios do liberalismo

Principios do liberalismo

- O **liberalismo** foi a expresión ideolóxica dos intereses da burguesía, grupo social hexemónico no século XIX grazas ao comercio e a Revolución Industrial.
- O seu dominio social vai parello ao triunfo das revolucións políticas liberais ao longo do século.




Principios do liberalismo

- O liberalismo defende un **novo concepto do poder e da sociedade** diferente do Antigo Réxime, que estaría baseado na **liberdade, a igualdade xurídica, limitación da autoridade e a división tripartita do poder**: executivo (Goberno), lexislativo (Cortes) e xudicial (Tribunais).




Principios do liberalismo

- O liberalismo defende a ***participación política dos cidadáns*** para a elección de representantes nas Cortes ou Parlamento, que se considera o depósito da ***soberanía nacional***.
- Este sistema está sustentado no ***imperio da lei***, coa ***Constitución*** como lei suprema fundamental.



Principios do liberalismo

- Partindo das ideas de Adam Smith, o liberalismo defende, en **economía, a *propiedade privada individual* e a *liberdade económica*** e de empresa.
- Baséase na ***libre iniciativa individual*** sen intervención do Estado e o libre xogo da ***oferta e da demanda*** como mecanismo xerador da riqueza e regulador económico.





Famílias políticas liberais da época

Familias políticas liberais

- **Liberalismo doutrinário**
 - *Moderados*
 - *Progresistas*
- **Liberalismo democrático**



Familias políticas liberais

- Os **moderados** asumiron todos os principios do liberalismo doutrinario.
- Exerceron máis tempo o poder e contaron coa predilección dos monarcas españois e o apoio dos grupos poderosos da sociedade.
- Controlaron do poder municipal polo Goberno, limitaron as liberdades civís e eliminaron a Milicia Nacional.



Familias políticas liberales

- A ideoloxía dos moderados plasouse na **Constitución de 1845**.
- Concepto de ***Estado uniforme, centralizado e de orde***.
- Desenvolveron lexislación baseada nas súas ideas na **Década moderada** do reinado de Isabel II (1844-54).



Familias políticas liberais

- Destaca o xeneral **Narváez**, líder desta facción na Decada moderada.
- Fronte a el xurdirá o xeneral **O'Donnell**, que destacará nas décadas dos 50 e os 60. Creará un partido de centro, a **Unión Liberal**, que seguirá as liñas mestras do liberalismo.




Familias políticas liberais

- Os **progresistas** aplicaban os principios do liberalismo doutrinario, aplicados dun modo máis laxo.
- Reclamaban a primacía das Cortes sobre o Rei, un maior grao de descentralización municipal, unha interpretación máis ampla das liberdades (en especial a de prensa) e unha maior liberdade de culto dentro do Estado confesional.




Familias políticas liberales

- Os progresistas tuvieron que recurrir a revoltas e pronunciamentos para gobernar, xa que non eran os preferidos da rexente María Cristina e, despois, da raíña Isabel II.
- Só gobernaron en breves períodos: **Mendizábal** entre 1835 e 1836, **Espartero** na rexencia (1840 -1843) e **Bienio Progresista** (1854-1856).



Familias políticas liberales

- A ideoloxía política dos progresistas plasmouse na **Constitución de 1837** en na **Constitución *non nata* de 1856**.
- Tamén impulsaron reformas económicas como as desamortizacións de Mendizábal, Espartero e Madoz ou a lei de ferrocarrís de 1855.



Familias políticas liberais

- A crecente moderación dos progresistas provocou a aparición de disidentes neles, xurdindo así os **demócratas** en 1849.
- Eran una **minoría radical**, dividida á súa vez entre os ***partidarios da monarquía*** e os ***partidarios da república***.



Familias políticas liberais

- **O liberalismo democrático** defendía a soberanía popular como principio básico, o sufraxio universal masculino, unha ríxida separación de poderes, moitos dereitos e liberdades, liberdade de culto e separación de Igrexa e Estado.
- Estes principios plasmáronse na **Constitución de 1869**.



Familias políticas liberais

- Esta Constitución inaugura en España a monarquía parlamentaria, na que o rei reina pero non goberna.
- O republicanismo aproveitou o fracaso de Amadeo I para proclamar a Primeira República e plantexar a discusión do modelo territorial (gañaron os partidarios dunha descentralización de forma federal).



Ánimo co estudo!